

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

*CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 21 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos á contratación por conta allea das persoas desempregadas paradas de longa duración, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.*

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 68, do 6 de abril de 2017, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 16371, no artigo 17.1.c), onde di: «Informe de vida laboral correspondente aos tres meses anteriores ao mes en que se realiza a contratación indefinida inicial, máis o do correspondente ao do mes en que se realiza a dita contratación», debe dicir: «Informe de vida laboral dun código conta de cotización correspondente aos tres meses anteriores ao mes en que se realiza a contratación indefinida inicial, máis o correspondente ao mes en que se realiza a dita contratación».

Na páxina 16371, no artigo 17.1.f).4º, onde di: «Comprobación de datos das persoas membros da unidade familiar distintos do solicitante para a comprobación dos seus datos (anexo V)», debe dicir: «Comprobación de datos da persoa traballadora contratada e dos membros da súa unidade familiar (anexo V)».

